

DATA	20/05/2010
Nº	908

Ref 1024 RBF/mcm

## RESOLUCIÓN

O 25 de novembro de 2008, polo Pleno Municipal apróbase o proxecto de obra denominado "Construcción de vial público e saneamento no lugar de Vinseira Grande", redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Rubén Costaya Novo.

O expediente para a contratación da devandita obra, cofinanciada entre o Concello de Culleredo e a Deputación Provincial a través do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal e a rede viaria local do ano 2009, iniciase mediante orde da concelleira delegada de economía, facenda, réxime interior e seguridade. Polo seu importe, e porque neste caso a elección da oferta máis vantaxosa non se define só polo prezo máis baixo, o expediente tramitábase por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, de conformidade co disposto nos artigos 122 e 134 LCSP.

O 25 de marzo o Secretario Xeral emite informe sobre o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación. O 20 de maio a Intervención Municipal fiscaliza favorablemente o expediente.

Vistos os antecedentes que constan no expediente e de acordo co disposto no artigo 94 LCSP

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Declarar, de acordo co artigo 96 LCSP, de tramitación urgente o expediente de contratación, con redución dos prazos ordinarios á metade, dada a necesidade de acelerar a adxudicación debida aos prazos establecidos no devandito convenio de cofinanciamento.

**Segundo.-** Aprobar o expediente para a contratación da obra denominada "Construcción de vial público e saneamento no lugar de Vinseira Grande", de acordo co artigo 94 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

**Terceiro.-** Establecer como procedemento de adxudicación o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 122.2 do LCSP.

**Cuarto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, de acordo co disposto no artigo 94 LCSP, e publicar anuncio de licitación no boletín oficial da provincia, no diario La Voz de Galicia e no perfil de contratante deste Concello.

**Quinto.-** Aprobar o gasto que ascende á cantidade de 279.881,12 euros, IVE incluído (241.276,83€ de base máis 38.604,29€ de 16% IVE), con cargo á partida 453-609 do Orzamento en vigor. (RC201000004031)

Culleredo,  
A proposta de  
O xefe de servizo de economía e facenda

Intervido e conforme,  
O interventor accidental

Roberto Babío Fernández

Roberto Babío Fernández

Conforme coa proposta, elévase a resolución  
Culleredo,  
A concelleira delegada de economía,  
facenda, réxime interior e seguridade

Dou fe,  
A secretaria accidental

Alicia Ferreiro Varela  
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 ,  
de 1/8/2007)

Mª de las Nieves Fuentes Bermejo